

**Resolución da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas, da categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola que se efectúa unha segunda convocatoria á realización da proba teórica e se apertura un prazo extraordinario para a presentación da documentación de Formación Profesional.**

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas resultantes do período de actualización de listas, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

**Primeiro.- Proba teórica – segunda convocatoria.**

De acordo co disposto no apartado 2 da Resolución de 17 de decembro da Comisión de Selección, acórdase realizar unha segunda convocatoria á proba teórica para os seguintes aspirantes que non podendo acudir en data 22/12/2020 así o xustificaron ante esta Comisión:

33540293Z

45908423D

**Segundo.- Nova data para a realización da proba teórica.**

A proba teórica realizarase ás **10:00h do día 30 de decembro**, nas instalacións de SEAGA sitas en Santiago de Compostela: **Vía Marconi nº 14 Polígono Industrial do Tambre.**

En canto a medidas de organización, protección e hixiene fronte a COVID, estarase ao disposto no protocolo de SEAGA para os procesos selectivos.

No relativo ao desenvolvemento da proba estarase ao disposto nas bases de selección que rexen o proceso así como á resolución da comisión de selección de 17 de decembro.

Lémbrese que os aspirantes deberán acudir **provistos** do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente **así como do seu propio material: bolígrafo, lápiz e goma de borrar.**


**Terceiro.- Apertura extraordinaria de presentación de documentación.**

A Comisión de Selección apertura un prazo extraordinario que abranguerá dende as 9.00h. ata as 14.00h. do mesmo 30 de decembro para que os dous aspirantes chamados a segunda convocatoria acheguen a documentación que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Profesional).

Esta documentación deberá presentarse:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña.

Santiago de Compostela, a 29 de decembro de 2020.



A Presidenta da Comisión de Selección.  
Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Cobas Ríos.